

## DOMUND 2004

### Cuestión de fe

Un ano máis chega o **Domund**, o **DO**mingo **MUND**ial da Propagación da Fe, culminando un **Outubro** que sempre ten color **misionero**. A cousa empezou no ano 1926, pero non é nova, porque se os cristiáns esquecemos esta dimensión, malo... Ou somos ou non somos... Se somos cristiáns, certamente seremos misioneiros, onde queira que esteamos e fagamos o que fagamos.

#### 1. É a hora do teu compromiso misionero.

Evidentemente que Misioneiros por excelencia son os que deixando casa e familia, seguindo a Xesús, se van terras lonxanas servir ós irmáns e que por eso mesmo merecen toda a nosa admiración e agradecemento, porque o fan no nome de toda a comunidade crente. ¿E nós? Non temos desculpa. Temos que empezar a crelo. A tarefa é de tódolos bautizados.

**Misionero es ti**, na túa casa, cando te sacrificas e vas construindo familia cristiana.

**Misionero es ti**, no teu traballo, cando fas o que debes con responsabilidade e sonrisa.

**Misionero es ti**, cos teus amigos, cando es capaz de crear alegría no medio das dificultades.

**Misionero es ti**, cando rezas.

**Misionero es ti**, cando fas un donativo e falas con xenerosidade.

**Misionero es ti**... canto dun xeito ou outro es testemuña de Xesucristo, co teu xeito de ser, coa túa forma de actuar e coa túa palabra.

Ser misionero é ser capaz de saír dun mesmo dándose, e dando, coa medida que nos marque o noso corazón en resposta á chamada do Señor. Ser misionero é, en definitiva ser cristián, sendo sal e luz no medio do mundo.

Non temos desculpa. Todos podemos dar desde a nosa pobreza. A nosa Igrexa diocesana, deus e segue a dar leigos, relixiosos e sacerdotes aínda en época de escaseza... porque a Misión é dimensión esencial da fe.

#### 2. “Eucaristía e Misión”.

Juan Pablo II, na mensaxe para esta Xornada, resalta que “cando se participa no Sacrificio Eucarístico, percíbese con máis fondura a universalidade da redención, e en consecuencia, a urxencia da misión da Igrexa, que ten como programa o centrarse no mesmo Cristo, ó que hai que coñecer, amar e imitar, para vivir nel a vida trinitaria y transformar con el a historia ata o perfeccionamento na Xerusalén celeste” (*Mensaxe de Juan Pablo II para a Xornada Misioneira Mundial 2004, 2*).

#### 3. Contemplando a Eucaristía cos ollos de María.

“Neste cento cincuenta aniversario da definición da Inmaculada Concepción... contando coa intercesión da Virxe, a Igrexa ofrece a Cristo, pan da Salvación, a tódalas xentes, para que o recoñezan e o acollan coma o único Señor” (*Mensaxe de Juan Pablo II para a Xornada Misioneira Mundial 2004, 1*).

Que o DOMUND deste ano, sacuda unha vez máis as nosas consciencias, e afine o noso compromiso cristián. É a hora de preguntarnos pola nosa entrega, pola nosa xenerosidade... Deus grande en misericordia e tenrura poida ver como medra o noso compromiso con Xesucristo e co seu Evanxeo, que aspira a chegar a tódolos homes.

